

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE PARA O RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS DO SISTEMA EUROPEO DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.

A Coruña, na data da sinatura dixital

Dunha parte, Sr. Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña, no seu nome e representación, segundo o establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades e no Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, publicado o 13 de xaneiro de 2020, do seu nomeamento.

Doutra parte, Francisco José Conde López, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomea ao titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude ao abeiro do Decreto 153/2022, do 13 de setembro polo que se lle encarga o despacho dos asuntos da Consellería de Política Social e Xuventude, durante a ausencia da súa titular, ao vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, e no uso das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº82, do 30 de abril de 1991).

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro

A Universidade da Coruña organiza, dentro da súa política de extensión cultural e de cooperación e solidariedade, diversas actividades a nivel xeral que complementan e enriquecen a súa oferta académica. Entre estas están as actividades solidarias e de cooperación.

Por outra banda, a Consellería de Política Social e Xuventude, dentro das competencias que lle corresponden en materia de voluntariado consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, ten interese en fomentar e promocionar a acción voluntaria entre o alumnado da Universidade da Coruña, como liña de actuación orientada ao apoio do progreso social e ao fomento da solidariedade entre o colectivo das persoas universitarias.

Segundo

A Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade da Coruña están de acordo en facilitar que as actividades de voluntariado impulsadas pola Consellería e que realice o alumnado desta Universidade poidan formar parte das actividades para o recoñecemento de créditos europeos consonte co establecido na Normativa mediante a que se establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos por participación en actividades universitarias nos graos da Universidade da Coruña, aprobada por acordo do seu Consello de Goberno, o 17 de xullo de 2012, e modificada polo mesmo órgano o 21 de xullo de 2016.

A estes efectos a realización das ditas actividades recollerase dentro dos plans de estudos da Universidade da Coruña e dará lugar á tramitación para a obtención de créditos consonte ao establecido no artigo 46.2.i da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e no Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Ambas as dúas institucións son conscientes da importancia e necesidade das actividades solidarias e de cooperación no marco da formación universitaria.

En consecuencia e por todo isto, acordan asinar o presente convenio de colaboración para a realización de actividades de voluntariado que dean dereito o recoñecemento de créditos do

Sistema Europeo de Transferencia de Créditos regulado polo Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, segundo as disposicións que a Universidade da Coruña teña establecidas ao respecto e de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do convenio consiste en establecer unha canle de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade da Coruña para a posta en marcha dun proxecto orientado a que as persoas universitarias que participen en programas de voluntariado impulsados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da dita Consellería de Política Social e Xuventude e se desenvolvan en calquera das áreas definidas na Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, vexan acreditadas ditas actividades de voluntariado como recoñecemento académico en virtude do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, que regula os créditos universitarios consonte á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da Universidade da Coruña.

Segunda. Orzamento

O presente acordo de colaboración non suporá custo adicional para as partes implicadas no seu desenvolvemento, sen prexuízo da cobertura das persoas voluntarias polo seguro de accidentes e responsabilidade civil que se integra na póliza xeral que mantén a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para todos os seus programas.

Terceira. Compromiso da Consellería de Política Social e Xuventude

A Consellería de Política Social e Xuventude comprométese a:

1.- Comunicar á Oficina de Cooperación de Voluntariado, órgano pertencente á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación da Universidade da Coruña, a relación de actividades solidarias e de cooperación susceptibles de recoñecemento. Estas actividades serán validadas pola Universidade da Coruña, por créditos do Sistema Europeo de Transferencia de Créditos consonte co establecido na normativa mediante a que se establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos por participación en actividades universitarias nos graos da Universidade da Coruña aprobada por acordo do seu Consello de Goberno do 17 de xullo de 2012 e modificada polo mesmo órgano o 21 de xullo de 2016.

As actividades deberán realizarse no marco dos estudos da titulación ás que se queiran incorporar os créditos recoñecidos.

2.- Xestionar a inscrición e selección das persoas voluntarias en cada programa, a través da páxina web voluntariadogalego.org, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos xerais e, no seu caso específicos, esixidos para cada actuación consonte a Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

3.- Facilitarlle ás persoas voluntarias universitarias, a formación básica e, no seu caso, a específica, en materia de acción voluntaria nas diferentes áreas de actuación social que se indican no presente convenio.

4.- Recoñecer as actividades de acción voluntaria do alumnado da Universidade da Coruña que en virtude deste convenio, participe nos programas de voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude mediante a emisión dos correspondentes certificados de experiencias voluntarias consonte ao establecido no artigo 34 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e na Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

Cuarta. Compromiso da Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña comprométese a:

1.- Outorgar os créditos do Sistema Europeo de Transferencia de Créditos que lle correspondan segundo as normas que a Universidade da Coruña ten establecidas ao respecto na materia.

2.- Para estes efectos, a Universidade da Coruña, á vista da certificación de experiencias voluntarias expedida pola Consellería de Política Social e Xuventude consonte ao establecido no artigo 34 da Lei

10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e na Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia efectuará o recoñecemento académico nos créditos correspondentes, nos expedientes do alumnado, segundo o procedemento de recoñecemento de créditos establecido no artigo terceiro da precitada normativa mediante a que se establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos por participación en actividades universitarias nos graos da Universidade da Coruña.

Quinta. Publicidade e transparencia

En toda a publicidade e difusión das actividades farase constar o seu recoñecemento como créditos do Sistema Europeo de Transferencia de Créditos pola Universidade da Coruña.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sexta. Comisión mixta de seguimento e control

De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase unha Comisión mixta de seguimento e control co fin de instrumentalizar o traballo obxecto do presente convenio de colaboración, establecer as normas a seguir, así como resolver tanto as controversias que suscite este convenio na súa execución como, en primeira instancia, as cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación e efectos do mesmo, en todo caso, velará polo cumprimento do obxecto da colaboración e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.

Estará integrada pola persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ou a persoa que a substitúa segundo o establecido no artigo 9 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e unha persoa representante da Universidade de Santiago de Compostela, designada pola vicerreitoría con competencias na materia, quen tamén poderá designar á suplente da persoa titular.

As partes integrantes nomearán de mutuo acordo á persoa que exerza a presidencia da comisión, a cal designará unha persoa, adscrita á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ou á universidade, que desenvolverá as funcións de secretaria, que actuará nese caso con voz pero sen voto.

A Comisión mixta de seguimento e control reunirse cando así o considere oportuno cada unha das partes.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima. Vixencia e prórroga

Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Oitava. Resolución do convenio

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
- Por mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

Novena. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

1. O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
2. As cuestións litixiosas xurridas verbo da interpretación e efectos deste convenio, serán resoltas en primeira instancia pola comisión mixta paritaria e non porán fin á vía administrativa.

Contra a dita resolución poderá interpoñerse recurso de alzada perante o órgano superior xerárquico do que as ditou. O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido devandito prazo sen interpoñerse o recurso, a resolución será firme para todos os efectos. Se o acto non fóra expreso a persoa solicitante e outros posibles interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento para partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzanse os efectos do silencio administrativo, tal e como establece o artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As resolucións que poñan fin á vía administrativa someteranse á Xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter administrativo do convenio e contra elas poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a persoa solicitante e outros posibles interesados/as, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior da Xustiza de Galicia.

Décima. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento 2016/679 (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos, adoptando as medidas

que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Do tratamento dos datos de carácter persoal darase a correspondente información ás persoas interesadas, co contido que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Cada parte será responsable dos seus correspondentes tratamentos de datos de carácter persoal e do absoluto respecto da normativa de protección de datos consonte ao establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan no lugar e na data da sinatura dixital.

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Reitor

Julio E. Abalde Alonso

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
XUVENTUDE

A Conselleira de Política Social e Xuventude

P.S. Decreto 153/2022, do 13 de setembro
(*Diario Oficial de Galicia* nº175, do 14.09.2022).

O Vicepresidente primeiro e conselleiro de
Economía, Industria e Innovación

Francisco José Conde López

